



Durante o mes de xaneiro comezaron os Obradoiros de *Prevención de condutas adictivas* que o Concello de Pontevedra realiza nos institutos da nosa cidade e os *Obradoiros de educación en valores* nos centros de primaria. Estes obradoiros intégranse nas accións no ámbito escolar que desenvolve o Plan Municipal de Prevención de Conduñas Adictivas deste concello en colaboración coa Consellería de Sanidade e que se desenvolverán ata o mes de xuño.

Complementariamente a este traballo preventivo, e para traballar con toda a comunidade educativa dende unha perspectiva integradora, tamén se programan **Obradoiros Familiares**.

Os Obradoiros Familiares están pensados como un espazo puntual de reunión para familias, no que se aborda un tema de interese de forma monográfica e intensiva (cada temática trátase nun obradoiro de 1:30 de duración), impartidos por profesionais expertos en educación e prevención.

Para cada temática hai tres opcións de horario para facilitar a asistencia ás persoas interesadas. A inscrición pode facerse a un ou a todos os obradoiros, en función dos intereses.

A modalidade será mixta (presencial e on line). De forma presencial será na Casa Azul (rúa Sor Lucía, 2) e se a inscrición é on line, facilitarase o enlace ao obradoiro.

Os obradoiros que se realizan en horario de tarde contarán cunha ludoteca no mesmo edificio (Casa Azul) para facilitar a conciliación familiar (para nenos e nenas maiores de 2 anos). Este servizo hai que solicitalo ao facer a inscrición. Tamén é preciso indicar a idade dos menores para adaptar a temática do obradoiro á idade dos fillos e fillas das persoas participantes.

Os obradoiros son os seguintes:

Obradoiro 1. “Familias dixitais I. Aprendendo conceptos. A diferenza entre adicción con substancia e comportamental, a diferenza entre uso e abuso nas TIC, a dificultade para deixar liberdade en redes, e as relacións a través das TIC.

- Luns 28 de marzo de 12:00h a 13:30h
- Luns 28 de marzo de 16:30h a 18:00
- Mércores 30 de marzo de 18:00h a 19:30h

(elixir unha data)

Obradoiro 2. “Familias dixitais II. O novo mundo virtual”. Información ou contido falso ou perigoso. Como coñecer o contido que se consume. Os xogos, apps, apostas, inversións e estafas.

- Luns 4 de abril de 12:00h a 13:30h
- Luns 4 de abril de 16:30h a 18:00h
- Mércores 6 de abril 18:00h a 19:30h

(elixir unha data)

Obradoiro 3. "Fortalecendo familias: Prevención do consumo de drogas". Como afecta o consumo na familia, os factores de risco e protección, os riscos do alcohol e tabaco, os primeiros contactos con outras drogas (como detectalos) e como educar noutras formas de ocio.

- Mércores 20 de abril de 18:00h a 19:30h
- Luns 25 de abril de 12:00h a 13:30h
- Luns 25 de abril de 16:30h a 18:00h

(elixir unha data)

Obradoiro 4. “Falando de sexualidade en familia”. Orientación sexual e diversidade de xéneros, educación sexual, prevención de abusos.

- Mércores 27 de abril de 18:00 a 19:30h
- Luns 2 de maio de 12:00 a 13:30h
- Luns 2 de maio de 16:30 a 18:00

(elixir unha data)

Obradoiro 5. "O papel da familia nos hábitos de estudo". Por que suspenden rapaces e rapazas que si se interesan polo estudo, organización do tempo de estudo, Tips, consellos e hábitos e técnicas de estudo

- Mércores 4 de maio de 18:00 a 19:30h
- Luns 9 de maio de 12:00 a 13:30h
- Luns 9 de maio de 16:30 a 18:00

(elixir unha data)

Tamén se programará, no mes de maio, unha sesión onde se abordarán os **Aspectos legais relacionados coas TIC**, impartira por un membro dos Corpos e Forzas de Seguridade experto en Ciberdelincuencia (as datas están aínda por concretar).

Para a inscrición hai que remitir un correo a **planadiccions@pontevedra.eu**, indicando:

Nome e apelidos:

Teléfono:

Correo electrónico:

Idade do/s fillos/as:

Obradoiro/s ao que se quere inscribir:

Modalidade (presencial ou on line). Se é presencial indicar se precisa o servizo de ludoteca.

Data/s elixidas: